

Departamento de Filoloxía Galega

**Día das Letras Galegas
2020**

Ricardo Carvalho Calero
As formas do compromiso

Edición ao coidado de
FRANCISCO CIDRÁS

2020

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ricardo Carvalho Calero, as formas do compromiso: Día das Letras Galegas 2020 / edición ao coidado de Francisco Cidrás. — Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2020
395 p. ; 24 cm.

D.L. C 487-2020. – ISBN: 978-84-17595-86-9

1. Carvalho Calero, Ricardo, 1910-1990 I. Cidrás, Francisco, ed. lit. II. Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed.

821.134.4 Carvalho Calero, Ricardo

Os editores agradecen a Moncho Rama a xenerosa cesión dos retratos fotográficos que se reproducen nesta edición

© desta edición, Universidade de Santiago de Compostela, 2020
© das fotos de Ricardo Carvalho Calero en cuberta, foto esquerda da cuarta de cuberta e interior, Moncho Rama, 2020

Maqueta

Tania Sanmartín Almeida
Imprenta Universitaria
Campus Vida

Edita

Servizo de Publicacións
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
use.es/publicacions

Imprime

Imprenta Universitaria
Campus Vida

Depósito legal: C 487-2020


ISBN 978-84-17595-86-9

Impreso en papel reciclado, 100% libre de cloro,
consonté esixencias medioambientais





Ricardo Carvalho Calero (1910-1990)



E nos duros traballos escelente.
**Carvalho Calero e
os estudos pondalianos**

MANUEL FERREIRO
Universidade da Coruña

1. Eduardo Pondal

No longo período intersecular que se abre após o falecemento de Rosalía de Castro (1885) e a emigración a Cuba de Curros (onde fina, en 1908), é Eduardo Pondal a referencia por antonomasia da literatura galega, o grande poeta admirado como tal pola minoría patriótico-intelectual que reconece nel a conciencia nacional expresada a través do instrumento posíbel, a literatura culta (que supón a elevación da lingua ao uso letrado, a creación de mitos históricos, a escrita dun Himno...). Era o representante vivo, en fin, do que xa se conceptuaba como renacemento da cultura galega no XIX e inicio da rehabilitación do país: a poesía, pois, como metonimia expresiva da nación desposuída de institucións políticas propias. Neste contexto, morre Eduardo Pondal (A Ponteceso, 1835 - A Coruña, 1917)¹ cunha ‘única’ obra publicada —os *Queixumes dos pinos*

¹ Otero Pedrayo ten lembrado en diversas ocasións a conmoción que provocou nel a noticia da morte do bardo no contexto das reflexións previas á súa entrada no galeguismo organizado: «Había un galeguismo difuso, i eu era galeguista. Recordo que estaba no Ateneo de Madrid cando se recibiu a noticia da morte de Pondal [...] A morte de Pondal deume moita tristeza. ¡Pensar que morren estos petrucios ¡ca xuventude fora de Galicia...! Sentín unha gran melancolía» (Outeiriño 1988).

(Pondal 1886)— mais cunha auréola de bardo sustentada na súa presenza nos medios (xornais e revistas), cando con Aurelio Aguirre e Luís Rodríguez Seoane pronunciou un fervente brinde poético no Banquete de Conxo (2-3-1856). A partir dese ano, primeiro en castelán e, decontado, cunha progresiva mudanza para o galego, culmina en 1885 a súa conversión en autor radicalmente monolingüe após a morte de Rosalía e a publicación dos *Queixumes*, volume en que recolle toda a súa produción poética anterior a 1886.²

A partir da súa consagración cos *Queixumes*, Pondal continúa a escribir e publicar en diversos medios e con desigual frecuencia, dedicado fundamentalmente á escrita dunha triloxía poética (*Dos eidos*, *Dos servos*, *Do íntimo*), que ficou inédita, o mesmo que o poema épico *Os Eoas*, iniciado en 1857 coa publicación de trece oitavas, con probas de imprenta en 1885, e cunha redacción final mecanografada e revisada por el mesmo nos anos 1913-14, que, embora a existencia de múltiples xestións para a súa edición, ficou tamén inédita (Ferreiro 2003; Pondal 2005: XI-XLVII).

Eduardo Pondal, cunha conciencia de escrita (case) profesional, consagrado enteiramente á causa da redención da patria a través da poesía, lega á Academia todos os seus manuscritos para a súa publicación. Non obstante, o devir histórico da institución, nunha Galicia en lenta e difícil reconstrución durante as primeiras décadas do século até 1936, non xerou ningunha iniciativa para a realización da encomenda do poeta: só en 1935, co gallo do centenario do seu nacemento (6-2-1835), a Academia reedita os *Queixumes dos pinos* acompañados de 37 poemas «inéditos» (Academia Galega 1935: 185-256), na realidade, 21 poemas dispersos, publicados xa polo propio Pondal, xunto con 15 composicións máis editadas a partir de manuscritos existentes na RAG.

² Na súa obra-prima integra os poemas contidos nos opúsculos publicados anteriormente —*A campana d'Anllóns* (1866), *A Fada dos Montes* (1872), *Rumores de los Pinos* (1877), *Gandreiras* (1885)—, xunto con outras composicións isoladas tamén editadas, mesmo con versión galega dalgúns dos textos casteláns temperáns, para alén de moitos outros poemas novos (véxase Ferreiro 2014): noventa poemas que van de «Polo baixo cantando» a «Polo alto cantando», con «Da ruda pendente» como epílogo conclusivo.

2. Ricardo Carvalho Calero e Eduardo Pondal

Após a reclusión no cárcere militar de Jaén e o posterior período ferrolán, Carvalho Calero inicia a década de 50 como director do Colexio Fingoi en Lugo. Nestes duros anos de posguerra acha tempo e recursos para se dedicar á investigación filolóxico-literaria, que o acompañará ao longo de toda a vida, en paralelo cunha constante dedicación á escrita creativa (poesía, narrativa, teatro). A partir, en especial, do importantísimo epistolario con Francisco Fernández del Riego (Carballo Calero 2006; ed. Vilavedra e Pena Presas), podemos seguir os avatares das pesquisas carvalhianas, os avances na investigación e os resultados da súa diuturna inmersión no noso pasado literario. É aí onde a figura e a obra de Eduardo Pondal se revela nuclear nos intereses de Carvalho, pois o poeta da Ponteceso vai ser obxecto central de importantes capítulos nas tres grandes obras de investigación literaria do profesor ferrolán: *Sete poetas galegos* (1955), *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea* (1955), *Historia da literatura galega contemporánea* (1963, con novas edicións en 1975 e 1981), para alén doutros moitos e múltiples contributos de menor extensión e diferente teor (artigos, conferencias, edicións, antoloxías etc.). En paralelo, a obra do bardo vai concentrar múltiples esforzos carvalhianos na recompilación e edición da inxente produción pondaliana dispersa e/ou inédita que o poeta, sempre preso da dúbida horaciana, deixou sen reunir ou sen publicar.

2.1. O estudo literario-historiográfico de Eduardo Pondal

Dúas décadas após a celebración do centenario do nacemento do bardo bergantiñán, a persoa e a obra de Pondal continuaban a ser territorio ignoto no fundamental, e o corpus coñecido da súa produción, como xa dixemos, estaba constituído por pouco máis do que os *Queixumes dos pinos*.

É en 1952 que achamos a primeira referencia a Eduardo Pondal no epistolario de Carvalho Calero, cando solicita a Fernández

del Riego³ o envío dunha síntese do clásico traballo de Bouza Brey (1925) e dun artigo de Varela sobre o celtismo pondaliano (1949): «Quixera que me enviaras un extracto do que di J. L. Varela no seu traballo “El celtismo de Pondal”. Dime tamén se tes o de Bouza sobre a formación literaria de Pondal publicado en *A Nosa Terra*» (18-VIII-1952, 138). O propio Carvalho explicita en carta o encargo da realización do libro *Sete poetas galegos* como produto dunha directa encomenda recibida a través de Ramón Piñeiro:

Recibín a tua carta do 2, e con ela o longo poema de Curros que che pedira. Necesitábao, como outros datos que solicitei de ti, para o volume que estou preparando pra «Galaxia» sobre *Sete poetas galegos*. Dende fai tempo viñame falando Piñeiro de ise proieito, pero eu agardaba sempre un encárrago oficial. Derradeiramente Piñeiro díxome que estaba acordado que eu fixera o libro, e púxenme a traballar n-il. Quixera rematalo pronto, pois no inverno disporéi de pouco tempo. En realidade vai xa moi adiantado. Só me falta escribir o relativo a Cabanillas e Manuel Antonio (5-X-1952, 140).

Entre fins de 1952 e o inicio de 1953 xa ten rematado *Sete poetas galegos*, un estudo dos sete grandes vultos da poesía galega contemporánea na altura (Rosalía, Pondal, Curros, Noriega, Cabanillas, Amado Carballo e Manuel Antonio):

Fai tempo que teño rematado o libro *Sete poetas galegos*. Comuniquello oportunamente a Piñeiro. Agora cho digo a ti porque me interesa saber se o prubricaredes pronto; xa que podo tirarlle outro partido no caso de que os vosos prans editoríais sexan a prazo demasiado longo. Rógoche, pois, que, co amplo marxe de probabilidade que é natural, me indiques que proxeitos hai sobre o caso. Eu quixera desprenderme de il canto antes, porque unha prolongación da súa vida intrauterina amenazaría a súa viabilidade. Xa teño feitas adicións e anotacións de abondo no texto primitivo, e non

³ É Francisco Fernández del Riego (en Vigo), amigo íntimo e *irmán* político de Carvalho, a persoa responsábel da subministración dos diversos materiais que Carvalho (en Lugo) precisaba para a realización dos traballos encargados polo grupo galeguista nucleado por Galaxia. As referencias ás cartas carvalhianas serán feitas sempre a través da súa data e da(s) páxina(s) en que aparece o texto aludido ou citado (Carvalho Calero 2006).

cabem máis sen afectar gravemente a economía do conxunto, nen procedería que o libro non estivera ao día o día da súa publicación. Ademais xa non podería refundilo, porque Fingoy me absorbe totalmente ate o punto de ter que renunciar á literatura cicáis pra sempre (15-III-1953, 142-143).

Como o propio investigador afirmara («Este libro, de acordo coas miñas posibilidades e as instrucións que recibín, é un libro de crítica literaria, non de escrita erudita», 11-XI-1952, 142), é este un volume inicial sobre os sete poetas estudados. No que a Pondal di respecto, Carvalho Calero (1955a: 43-59) realiza unha primeira aproximación á figura e á obra do bardo, ao longo das dezasete páxinas que lle dedica, enfrontando sucesivamente «A terra e o home», «A terra», «O home» e «A obra», con base en Bouza Brey (1925, 1935) Otero Pedrayo (1931), para alén do coñecemento de achegas históricas, como as iniciais de Pardo Bazán (1884: 73-91) e Murguía (1885: 125-154).

No ano seguinte, en xaneiro de 1954, Carvalho xa se manifesta en plena redacción da súa tese de doutoramento, empresa que o obriga a novas solicitudes de datos do seu correspondente vigués:

Estóu preparando un traballo sobre Otero Pedrayo, ampliatorio do que xa coñeces, e que formará parte da miña tesis doctoral que, malia a miña falla de tempo, comprométinme a facer, a instancias de Santiago Montero. Con iste motivo recurriréi con frecuencia a ti para que me suministres certos datos (3-I-1954, 152-153).

Sen dúbida, o proceso de escrita da disertación doctoral foi rápido, pois en abril xa envía a Madrid os preceptivos exemplares do traballo:

Onte remitín a Madrid os exemplares regramentarios da miña tesis doctoral. [...] Inda que a tesis se orgaiza en capítulos ao redor das grandes figuras da literatura contemporánea, ten unha grande profusión de notas nas que se fai referencia a moitos outros escritores, de xeito que non hai nome de algunha importancia que non vaia citado. Así que cáxeque me resultóu unha historia da literatura galega contemporánea, inda que limitada aos escritores nados dentro do século XIX (21-IV-1954, 155-156).

Finalmente, en decembro defende a Tese («Estiven uns días en Madrid, onde ‘lin’ a tese doctoral ante Sánchez Cantón, Maldonado, Dámaso Alonso, Fernández Pousa e Montero»; 15-XII-1954, 163), un texto que moi axiña publicará na Editorial Gredos co título de *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*, co estudo dos *sete poetas* e mais os prosistas Castelao e Otero Pedrayo (Carvalho Calero 1955b).

Así pois, cando Ricardo Carballo Calero publica as *Aportaciones*, coa versión castelá das páxinas dedicadas a Eduardo Pondal nos *Sete poetas galegos* (1955b: 53-70), o investigador da literatura galega estaba a iniciar e confirmar unha (nova) lectura do noso clásico, que só dispuña de breves e/ou superficiais aproximacións ao estudo da súa figura e da súa obra: desde a lembranza de Murguía (1933) até o discurso de ingreso no Seminario de Estudos Galegos de Manuel LUGRÍS incluído na edición académica do centenario (1935: 259-278), só o traballo de Bouza Brey (1925) brillaba nun conxunto de aproximacións que se caracterizan, en xeral, polo ton lírico-sentimental ou polo achegamento impresionista á obra do bardo bergantiñán (véxase unha pormenorizada bibliografía —na altura— sobre a obra do bardo en Pondal 1995: LII-LXXXV).⁴

A partir da publicación das *Aportaciones*, Carvalho labora arreo na realización do que constituirá, con certeza, a historia da literatura galega contemporánea, referencia inescusábel e fonte de coñecemento da nosa historia literaria non superada até o momento: en agosto de 1956 recibe materiais e solicita outros novos para a introdución da *Historia*, sempre con Fernández del Riego como responsábel da subministración dos necesarios elementos de estudo e de investiga-

⁴ Na realidade, son os contributos de José Luis Varela os que, realizados con rigor, constitúen os estudos máis interesantes, mesmo fundamentais, na altura da década de 50, sobre a figura de Pondal e a súa obra: desde a recolla de importantes cartas de Pondal a Murguía (Varela 1953), até o artigo sobre o celtismo (Varela 1949), o estudo do ossianismo pondaliano (Varela 1956) e sobre todo, o capítulo «Pondal y la tradición» incluído no volume dedicado á triade poética do Rexurdimento, publicado en Gredos (Varela 1958).

ción: «Piñeiro comunícame que fica centralizado en ti o servizo de materias pra o meu libro» (3-VIII-1956, 177-178); e dez días despois reitera o mesmo: «Dixérame Piñeiro que ficaba centralizado en ti o servizo de materias pra o meu libro, e supuña que te transmitira os pedidos que derradeiramente lle fixen» (13-VIII-1956, 178).

Cando comeza co longo capítulo dedicado a Pondal, percíbese unha evidente ampliación de fontes a respecto dos *Sete poetas* e das *Aportaciones*. Eis algunhas das peticións carvalhianas:

No teu traballo no boletín da Academia derradeiramente publicado indicas que semella que Pondal tiña en proxecto a execución duns poemas tidoados «Os Barceker» [?]⁵ e «Os Océánidas». Desexo que me indiques concretamente cal é a fonte disa noticia, coa referencia bibliográfica precisa, e si é posible, copia das verbas testuás que a conteñan (31-V-1958, 213-214).

Indo xa vencido o capítulo relativo a Rosalía, convén que se apareza algún traballo máis relativo a ísta mo mandes voando; e que vaías preparando pra ma enviar cando cha pida a bibliografía sobre Pondal, especialmente o indispensable traballo de Bouza en *A Nosa Terra* e o póstumo de Murguía. Tamén «Voltemos aos nosos poetas», de Aquilino, *Alento*, 1935 (27-VII-1958, 215-216).

Cómpreme unha labor de preparación para entender a Pondal. O máis indispensable é o estudo de Bouza sobre a súa formación literaria. A ver cómo mo percuras. Tamén hai un traballo de Aquilino saído de *Logos*, se non me trabuco. Asimismo un de Otero sobre a paisaxe de Pondal no *Boletín da Academia Española*. Todo isto preciso. E todo o que alén disto se poida percurar. Dende logo tamén o traballo póstumo de Murguía no *Boletín da Academia Galega*. Faréi máis pedidos conforme vaian xurdindo os datos (23-IX-1958, 217).

A correspondencia tamén revela algo que resulta obvio da lectura do capítulo pondaliano da *Historia*: Carvalho Calero tivo acceso ao

⁵ A dubitativa interrogación das editoras lévanos a emendar para *Barceker* (véxase Pondal 2003: 170-174, 497-503). Sobre a alusión ao artigo de Fernández del Riego véxase a correspondente nota das editoras do epistolario (Carvalho 2006: 213, nota 100).

denominado *Arquivo Parga Pondal* (APP, actualmente na Real Academia Galega), que custodiaba na súa casa D. Isidro Parga Pondal, sobriño do poeta, químico e xeólogo de relevancia europea, tamén represaliado pola guerra e tamén militante galeguista e membro (a partir de 1959) da RAG. Sen dúbida, as relacións entre os dous persoeiros eran excelentes («Parga prometéume os papés que ten»; 17-XI-1958, 223), e para rever textos e libros de Pondal visita a súa casa de Laxe, onde se sente cómodo (véxase carta de 8-VIII-1960, 271).

A finais de 1958 comeza a redacción do capítulo («Posta ao día a bibliografía, inicio agora o meu traballo sobre Pondal», 28-XII-1958, 227) e traballa intensamente durante as vacacións de Nadal («Nistas vacacións traballéi arreo en Pondal»); porén, reséntese da falta dalgúns papeis de Parga e doutros recursos bibliográficos de que aínda non dispuña:

Tampouco Otero acaba de me mandar certos elementos. [...] Agora necesitaba a primeira edición dos *Queixumes*, de 1886, e a que se fixo en Buenos Aires, e que nunca vin. [...] A primeira é imprescindible, pois a segunda *[sic]* ten monstruosas erratas que é necesario depurar. Se non podes me mandar inmediatamente a edición americá, a ver se polo pronto me envías a referencia bibliográfica da mesma; editor e ano, principalmente. Xa non hai necesidade de insistir en que agora interésame todo o que se refira a Pondal, e que non é mester que o pida para que mo mandes (8-I-1959, 228-229).

En maio, Carvalho declara a finalización do capítulo dedicado a Eduardo Pondal na *Historia*, pendente das derradeiras comprobacións. Neste sentido, resulta relevante como o noso investigador, nunhas circunstancias tan precarias, vai alén do historiográfico e do erudito, e quere coñecer máis profundamente o contexto da creación pondaliana (a súa biblioteca, por exemplo) e as relacións socioliterarias (o epistolario) do poeta (cfr. *supra* «Cómpreme unha labor de preparación para entender a Pondal»):

Hoxe saio pra Santiago, onde quero estudar a biblioteca de Pondal. O capítulo relativo a iste home está virtualmente rematado. De regreso de

Santiago, aproveitadas as notas que alí tome, faréi unha revisión xeral e mandaréiche o manuscrito.

Convírame que me mandáredes con urxencia o Discurso de ingreso na Española de Cabanillas, e, se fora posibre, un testo en inglés de *Ossián* (10-V-1959, 229-230).

Agora, dempóis das infructuosas xestións que realicéi en Santiago pra ver o *Ossián* en francés traducido por Paul Christian, daréi por pechadas todas as investigacións sobre Pondal e redactaréi os dous derradeiros parágrafos do capítulo. Logo, enviaréicho. Verás que contén moitas novidades, polo que convén que evites que outras persoas coñezan o seu contido, a fin de que non nos pisen as noticias inéditas (13-V-1959, 231).

En xuño está finalizando o capítulo pondaliano da *Historia* («Pondal está xa a ramo de acabamento; pero iste mes é tan traballoso pra min que non sei cándo poderéi mandarcho», 3-VI-1959, 234), de modo que en xullo xa envía o derradeiro elemento que faltaba, a bibliografía: «Mándoche nista mesma carta a bibliografía de Pondal» (18-VII-1959, 235).

A partir do remesamento do manuscrito, Carvalho recibe de volta a copia mecanografada e continúa co proceso de redacción do primeiro volume da *Historia* (o dedicado ao século XIX), coas revisións e adicións pertinentes, de modo que en setembro de 1962 as probas de imprenta do capítulo pondaliano xa están corrixidas e enviadas (17-IX-1962 331).

O primeiro volume da *Historia da literatura galega contemporánea* saíu do prelo en 1963, e Carvalho continúa coa prevista segunda parte (século XX) que, finalmente, en 1975 ficou integrado nun único volume, a versión final da *Historia*, que aínda terá unha nova edición en 1981 (véxase Carvalho Calero 2006: 221, nota 107). Ao longo dun centenar de páxinas (Carvalho Calero 1975: 235-333), o profesor enfrenta a figura biográfica de Eduardo Pondal («O bo bergantiñán»), a evolución da súa escrita («Dos *Rumores* aos *Queixumes*»), os principais trazos da súa poesía (Bardismo, Civismo, Bucos-

lismo...), sen esquecer cuestións máis problemáticas, cales a visión da muller («A muller») ou *Os Eoas*, para rematar cun estudo lingüístico, estilístico e métrico da obra do autor do himno galego.

A partir dun coñecemento profundo da obra do bardo, así como dos materiais inéditos —na altura— de teor biográfico, literario ou contextual existentes no APP, Carvalho coloca a lírica pondaliana como un dos elementos basilares do renacemento do século XIX e da nosa literatura galega contemporánea.

No entanto, a investigación e a divulgación de Eduardo Pondal e da súa obra non se esgotou na *Historia*; ao contrario, a ollada sobre a obra pondaliana foi incesante en Carvalho Calero. Para alén do correspondente capítulo nas tres obras publicadas entre 1955 e 1963, da súa pena xurdiron múltiples contributos, de diferente teor, entre a pesquisa e a divulgación, que, na súa maioría, foron posteriormente reunidos en diversas compilacións publicadas ao longo da súa vida (Carvalho Calero 1979a: 57-68; 1979b: 135-143; 1989: 175-196; 1992: 69-71).⁶ Fóra destas colectáneas, aínda ficaron algúns contributos interesantes, cales Carvalho Calero (1965) ou o derradeiro dos traballos dedicados ao helenismo pondaliano (Carvalho Calero 1986), alén doutros textos xornalísticos aínda non (re)compilados.

2.2. A edición dos textos pondalianos

Sen dúbida, foi a realización do longo e intenso capítulo dedicado a Pondal na *Historia da literatura galega contemporánea* o que favoreceu o encontro de Carvalho co espolio pondaliano presente no APP⁷ e a consecuente exhumación de numerosos textos *ignorados* ou

⁶ Para unha biografía e mais unha relación exhaustiva das publicacións de Carvalho Calero, véxase Montero Santalha (1993).

⁷ Probabelmente o estado da Academia —e dos importantes materiais legados a ela polo poeta— non favorecía e nin sequera permitiría a súa consulta e estudo por parte dun investigador rigoroso e competente como Carvalho Calero. Só foi a partir da presidencia de Fernández del Riego (1997-2001), con continuidade na de Xosé Ramón Barreiro, que a RAG comezou co proceso de levantamento e organización dos fondos da institución, feito que permitiu a pesquisa, exhumación e edición de toda a lírica manuscrita do bardo (Pondal 2003 e 2005). Véxase tamén Ferreiro (2006).

esquecidos do bardo, existentes en diversas publicacións (nomeadamente en revistas e xornais) ou presentes en manuscritos custodiados na casa familiar de D. Isidro Parga Pondal en Laxe.

En 1959, tras os procesos de redacción das dúas obras de 1955 e mais do capítulo dedicado a Pondal na *Historia*, xa declara ter colleitos novos textos pondalianos e apunta a algún outro que quere arrecadar:

As poesías de Pondal áchanse xa recopiladas. Agora teréi que facer o prólogo e as notas. Vai moito descoñecido, aínda que sen dúbida ficarán cousas esquecidas nalgunha revista rara. Fáltame un soneto: «Auga quixera ser» que é tradución de outro de Rodríguez Marín publicado en 1917 en edición plurilingüe. Seguramente pode proporcionalo, *coa referencia bibliográfica comprida*, Alonso Montero. Como Álvarez Blázquez está en relación con il por motivos editoriais, podrá llo pedir. Dille, pois, a Xosé María da miña parte que faga o favor de solicitar de aquil unha copia fiel do soneto (9-VIII-1959, 238).⁸

Continúa as xestións para a consecución da tradución do soneto de Rodríguez Marín («Agora agardo o resultado da xestión perto de Álvarez Blázquez relativa ao soneto de Pondal», 20-X-1959, 240), que non daría conseguido, e en xaneiro do ano seguinte declara a conclusión do volume, así como as xestións para a publicación en Galaxia co selo do Centro de Estudos Fingoy directamente dependente do centro de ensino que Carvalho Calero dirixía en Lugo:

Xa estamos en que o prezo do Pondal sexa o que a vós vos pareza. O Presidente [*do Colexio Fingoi*] deixa enteiramente nas vosas mans isa resolución. O que convén é que vexa que se liquida con regularidade, pois os beneficios que poda haber serán adscritos a novas publicacións dentro da Colección (5-I-1960, 249).

Co volume de novos textos pondalianos acabado, Carvalho aínda continúa ao longo de xaneiro de 1960 á procura da tradución do soneto de Francisco Rodríguez Marín:

⁸ Xesús Alonso non chegou a enviar o texto, que foi inicialmente publicado en Ricón (1971: 69-70) e despois con máis datos en Alonso Montero (1996). Véxase tamén Pondal (2002: 119, 333-334).

Vexo que Alonso Montero gaba a Álvarez Blázquez. Iste é o intre de que o segundo me percore o soneto de Pondal que é traducción de Rodríguez Marín. Está pendiente dil pra pechar o tomo de poesías de Pondal. ¿Qué hai disto? Que se faga a xestión, pois se non dera resultado, eu intentaría outra vía (6-I-1960, 251).

Cando teña o soneto de Pondal que agora ando a percurar, daréi por rematada a recadavida [*sic*] de poemas; percurarei facer rápidamente as notas e prólogo, e teréi a punto o volume pra imprimilo. Agora o presidente non está conforme con que se edite baixo o rubro de «Colección Fingoy». Cando chegue o momento, xa negociaremos a ver o que se acorda (21-I-1960, 255).

Neste mesmo mes de xaneiro xa comeza unha primeira impresión do volume e a conseguente corrección das probas:

Recibín o outro día unha carta túa cuns prigos tirados do Pondal. Istes prigos, que rematan na páxina 128, fai xa moito tempo que están tirados e mos mandaches no seu día. Pero dende a páxina 128 non recibín máis.

Hoxe recibín probas a partir da páxina 162. Ao chegar á 174 paréi de corrixir porque logo segue *Estramil* e debe seguir *Os fillos dos celtas*. De xeito que na páxina 175 debe empezar *Os fillos dos celtas*, e logo de tras *Os fillos* é cando ven *Estramil*. Ista, segundo as miñas instrucións, debía ir despois de *Os fillos dos celtas*, pero como no orixinal puxeron «despois *Os fillos dos celtas*», na empresa entenderon que *Estramil* debía preceder e non seguir a *Os fillos dos celtas*. O que había que pór era «Despois de». Así que agora agardo por *Os fillos dos celtas*, que debe comezar na páxina 175. Logo debe vir *Estramil*. Mándoches o xa correxido (19-I-1960, 254).

Carvalho planifica unha impresión definitiva para o derradeiro trimestre de 1960:

A principios de agosto estaréi en Fingoy, e, segundo os meus cálculos, a mediados dese mes nos presentaremos en Vigo don Antonio Fernández i eu co texto de *Versos ñorados i esquecidos de Eduardo Pondal*, pra celebrar consultas cos representantes de Galaxia sobre a súa impresión. Non haberá dificultades. Só haberá que concretar o aspecto económico. Xa están transcritos todos os manuscritos lexibres e reunidos os versos espallados que

puiden atopar, así como feitos todos os prologuiños e todas as notas. Fica só a introducción xeral, á que me poréi axiña, e facer as fotografías que acompañan os textos, cousa que fará o propio Parga, a quen cicáis visitaréi en Laxe en breve. Botada fora ista angueira, coído que pra fins de ano esté rematado o primeiro tomo da *Historia* (21-VII-1960, 270).

Agora, co libro na imprenta, Carvalho, sempre rigoroso e meticuloso, reflexiona e reitera indicacións para o proceso de composición e corrección:

Polo que se refire á corrección das probas do Pondal o que máis me preocupa é a concordancia da conta de poesías que se fai no prólogo coa distribución efectiva das mesmas no testo e co índice, tres seccións que teñen que coincidir. Non sei si como consecuencia dos derradeiros envíos que fixen, haberéi rectificadeo ben o prólogo, e interesa que se vexa iso denantes de tiralo. O índice debe reflexar a realidade do texto, e non hai máis que facer o índice polo texto. En fin, creo que abonda con que alguén se tome a molestia de fixarse pra evitar erros, que serían de pésimo efecto. Sobre o prólogo eu xa non podo volver, e só se pode corrixir tendo á vista o resto do tomo, que está ahí. Agardo que coas indicacións feitas todo saia ben (4-X-1960, 279).

E advirte repetidamente do acrecentamento de novos textos pondalianos e da forma de os incorporar ao texto xa composto. Eis algunhas mostras, entre outros testemuños, da preocupación carvalhiana:

Correxín as probas do Pondal que ao fin recibín, e devolvínas a Galaxia. Xa as verías. Teño algúns materiáis novos que non me resolvo a perder. Veréi de incluílos, sexa no testo, sexa en apéndice. Pero pra ver onde podo metelos, e as rectificacións que haberá que facer, necesitaba ter eiquí un exemplar. E decir, que me conviña que me fórades mandando un exemplar de cada prigo que se tirase, pra ir tendo eu á vista o libro segundo se vai facendo. ¿Hai algunha dificultade que se opoña a isto? (21-XI-1960, 285).

Recibín e devolvínche as probas do Pondal. Tamén recibín os prigos impresos. Nistes, dende logo, esbaróu algunha errata, probablemente porque se me escapóu a mín a corrección. Téñome por un correitor atento, pero é evidente que o autor non é o correitor ideal, e non ve o erro real. Cando

estén correxidas as derradeiras probas, manderéiche [*sic*] un apéndice, no que engadiréi algúns testos e reitificaréi algunhas conxeturas sobre as que outiven novos dados (19-XII-1960, 287).

Teño tres poemas novos de Pondal. Xa che falei disto. Penso que poden ir nun apéndice ao final de todo, dempóis de *Os Eoas*, o que aproveitaréi pra facer algunhas acraracións aos testos anteriores. Dime se queres que chos mande por triplicado pra presentalos á censura, ou se non vulgas necesario facelo así. Convénme que me manden novos prigos tirados denantes das derradeiras probas, pois a vista dises prigos veréi se finalmente a catalogación feita no prólogo é ou non esaita en vista das engádegas que fixemos. Por non ter eiquí os orixinás temo que haxa algunha inconsecuencia, que se podería subsanar nise apéndice. Os prigos que necesito son os das poesías en galego escruídos *Os Eoas*, pois nistes non hai posibilidade de erro. Ises tres poemas novos non se poden por ao final distas poesías galegas que agora estamos correxindo porque romperían o orde interno que levan, e ademáis un dos poemas é italián; por outra parte, iso faría xa decididamente incongruente a clasificación do prólogo, e aumentaría os posibres erros de referencia dil consecuencia da engádega de poemas. [...] Vexo que o libro achegarásese ás 250 páxinas, o que supón unha aportación moi rica de materias, e anque a calidade distes non sexa sempre boa, sempre teñen un grande valor histórico literario. Inda que non fora máis que pola longa antoloxía de *Os Eoas*, coído que o libro suscitará interés (29-I-1961, 290-291).

En marzo remata as probas do libro, que sairá do prelo o 25 de abril de 1961, conforme consta no colofón. Os *Versos iñorados ou esquecidos* supón a achega de múltiples textos novos de Eduardo Pondal (líricos e épicos, en galego e en castelán), que veñen sumarse ás 37 composicións «inéditas» publicadas por mor do centenario pondaliano (Pondal 1935: 185-256). Deste modo, reiníciase o proceso de recuperación do importante corpus disperso e/ou inédito que Eduardo Pondal legara.⁹

⁹ A edición completa da produción poética galega do clásico de Bergantiños pode verse en Pondal (1995, 2002, 2003 e 2005), mais tamén debe ser considerada a poesía en castelán, cuxa recuperación iniciou o propio Carvalho Calero en 1961 (véxase *infra*), continuou Ricón (1971) e completou Neira Pérez (2018).

No volume de Carvalho Calero son editados 49 textos líricos en galego, a metade deles procedentes de versión impresas contemporáneas ao poeta. A trintena de textos restantes son de procedencia diversa, pois mestúranse textos manuscritos ‘acabados’ con redaccións previas —máis ou menos fragmentarias— de poemas con versión impresa definitiva con outros procedentes de copias apógrafas ou de versións orais. Aliás, a carón destes textos galegos, Carvalho inicia a recuperación da produción pondaliana (temperá) en castelán, con 34 textos procedentes tanto de manuscritos como de impresos, tamén de diverso carácter (algúns son fragmentarios ou redaccións manuscritas de textos impresos).¹⁰

Para alén destes materiais, a achega textual publicada por Carvalho en 1961 confirma un Pondal políglota, coa edición de un texto édito (sen data) en francés («Aux Français») e mais coa recuperación de catro oitavas autógrafas en italiano.

Mais o volume aínda presenta unha parte dedicada á publicación parcial de materiais coicos existentes no APP: Carvalho Calero edita 33 oitavas extraídas de probas de imprenta do poeta, xunto con outras moitas procedentes dos materiais manuscritos que Eduardo Pondal deixou na súa casa natal e despois foron conservados por D. Isidro Parga Pondal.

En calquera caso, e fronte a recuperacións posteriores con graves erros de lectura e de interpretación dos autógrafos pondalianos (Ricón 1971, 1992)¹¹, a lectura feita por Carvalho Calero é sempre rigorosa e correcta por máis que non exista un aparato crítico canónico nin recolla de variantes textuais, ao tempo que o criterio estético parece presidir a escolla da lección proposta entre as múltiples existentes na maioría dos manuscritos pondalianos.

¹⁰ Véxase unha descrición pormenorizada en Pondal (1995: xxviii-xxx).

¹¹ A transcripción dos manuscritos pondalianos (líricos ou épicos) realizada por Ricón (1970, 1992) é extremadamente defectuosa, mesmo radicalmente errada en numerosas ocasións (véxase unha crítica pormenorizada da edición riconiana —referida á súa *aproximación a Os Eoas*— en Pondal 2005: li-liv).

Canto a *Os Eoas*, Carvalho, igual que acontecía cos textos líricos, edita materiais presentes no APP, en xeral de cronoloxía recuada sobre todo se os confrontarmos cos materiais eoicos legados á RAG (a *maleta* pondaliana). Nesta edición Carvalho recolle oitavas derivadas de probas de imprenta revistas polo poeta en 1885 (véxase Pondal 2005: x) e un conxunto de manuscritos en folios pregados do APP; isto é, mentres que Carvalho Calero incluíu todos os textos líricos de que dispuña na altura de 1961, no caso d'*Os Eoas* opta por unha selección de materiais (sempre do APP) que trasladen ao público interesado a vasteza e multiplicidade de redaccións existentes, a acumulación de redaccións diverxentes e a complexidade dunha suma de estratos redaccionais sucesivos ao longo da vida do Poeta. E aínda en 1968 Carvalho voltará á edición de textos d'*Os Eoas*, dando a coñecer «A América descuberta», un *fragmento* édito do Canto V (sen data no opúsculo orixinal) que foi publicado por Pondal en 1864 (véxase Pondal 2005: IX-X) e que estaba tamén depositado entre os papeis do APP (publicado inicialmente na revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, foi despois reeditado en Carvalho Calero 1971: 85-100).

En calquera caso, Carvalho Calero expresou en diversas ocasións unha posición crítica, embora matizada, a respecto do poema épico *Os Eoas*, da súa dependencia do modelo camoniano, do seu carácter españolista ou do pendor anacrónico do poema.¹² De todos os modos, a cuestión editorial d'*Os Eoas* en Carvalho xa fora afrontada en 1955, cando propón un verdadeiro programa de edición dos materiais eoicos presentes na súa maioría nos fondos da RAG, institución herdeira dos manuscritos legados testamentariamente polo poeta en 1917 (véxase *infra*).

Eduardo Pondal só chegou a publicar dous breves fragmentos d'*Os Eoas*: trece oitavas en 1857 (López e Ferreiro 1988), e o fragmento do Canto V editado en 1968 por Carvalho Calero. Alén des-

¹² Fronte a outras perspectivas opostas, nomeadamente a de Méndez Ferrín. Sobre as diversas visións d'*Os Eoas* véxase Ferreiro (2003: 180-190), Pondal (2005: XXIX-XLIV).

tas mostrás, Carré Aldao publicita en 1921 o «Canto XXV» da versión definitiva, mais o multiforme conxunto d' *Os Eoas* continuaba a durmir na Academia. É por isto que a RAG, consciente da vontade testamentaria do poeta, nomeou unha comisión para publicar os inúmeros materiais eicosos manuscritos da *maleta* pondaliana (Leandro Carré, Ramón de Artaza, Francisco Vales Villamarín, Gonzalo López Abente e Ángel del Castillo). As conclusións da Comisión, formada o 25 de abril de 1955, expresan a «dificultade», mesmo «imposibilidade» da publicación; porén, un pouco despois Fermín Bouza Brey «acepta o encargo da Academia para o labor de transcripción e edición dos materiais eicosos, tarefa a que renuncia en 1970, deixando arredor de 40 oitavas mecanografadas, nun traballo que se mostrou inútil e fracasado» (cfr. Pondal 2005: LI).

No seu momento, a comisión académica para o informe d' *Os Eoas* debeu solicitar opinións autorizadas a algúns persoeiros sobre a eventual edición do poema. A finais de outubro dese ano de 1955, Carvalho alude á carta de Fernández del Riego sobre o tema (26-X-1955, 169) e responde a unha *entreviú* sobre a cuestión («Onte pechei a carta que contiña as respostas ao cuestionario para a *entreviú*», 1-XI-1955, 170); e unha semana despois, noutra carta a Del Riego, en contraste co férrido desleixo institucional de tantos anos, Carvalho expón un preciso programa para a recuperación e edición dos materiais académicos d' *Os Eoas*, que —polo seu interese— transcribimos integramente:

Recibín finalmente a carta de Piñeiro que me pon en antecedentes sobre do problema de impresión de *Os Eoas*. Mais como o informe da Academia non chegou a min, temo que, malia os datos que Piñeiro me da, as miñas opinións encol do asunto pequen de falta de base, e acusen certa desorientación. Embora, conforme ao voso desexo percuraréi dicir algo a propósito do tema.

Coido que, sexan as que sexan as dificultades técnicas ou materias que presente a impresión de *Os Eoas*, é un deber dos galegos acometer a realización da empresa. Enténdase ben que a edición de esa obra, ou esas materias, non

vai supoñer un grande avance no orde da cultura popular galega. O poema, pol-a súa concepción e a súa execución, diríxese a un círculo de persoas cultas, e non pode interesar ao grande público. Mais, non embargantes, inda que fora dos gostos e das preocupacións dos nosos días, o seu atractivo histórico-literario, como obra de unha personalidade tan sobresaínte, é moi grande. Compreta a visión científica de Pondal, e axudará extraordinariamente á comprensión cabal do poeta. Non é admisible que permaneza indefinidamente inédito un material poético elaborado por un escritor de tan outa categoría. A cultura superior galega ten necesidade imperiosa de coñecer de unha vez esa obra; e, ou renunciámos a erguer a nosa investigación erudita ao rango de seriedade e premitude que compre, ou temos que aspirar a ter a Pondal completo.

¿Cómo preparar a edición? Non hai máis remedio que transcribir todas as octavas que se conservan, octava por octava. Se hai verbas ou frases indescifrables, deben indicarse as lagoas. Se n-unha octava hai unha soa verba descifrable, debe publicarse esa verba. Se hai cen variantes de unha mesma octava, deben reproducirse esas cen variantes; ou ben reproducindo íntegras todas as versións da mesma octava, se as variantes son substanciais, ou sinalando en notas as distintas leicións si se refiren samente a un termo, a un verso, a unha frase. É dicir, que, polo de agora, non hai que pensar n-unha reconstrucción do poema como o editor podería chegar a pensar que o deixaría Pondal no caso de que houbera tido tempo de dar a derradeira man á súa obra. Non. Non ten ouxeto colaborar con Pondal, senón publicar o que fixo, no estado de nebulosa en que o deixou.

Craro está que, no caso de aceptarse este criterio, a persoa ou persoas que se encarguen da labor van atopar dificultades innúmeras. Problemas de ordeación, de interpretación, a milleiros. Pero como non se trata de editar un poema acabado, senón de determinados materiais pra un poema, non haberá que ter a preocupación de que todo resulte da coherencia e unidade de unha obra que poda leer a xente como lee unha novela. É posíble que fagan falta anos pra preparar a edición; é posíble que faga falla copiar fotográficamente as cuartelas, se a Academia non se encarga da empresa e non quer deixar saír de ela os manuscritos. Todo isto arránxase con diñeiro. Diñeiro para fotografar os orixinais, diñeiro pra pagar a labor do revisor ou revisores, que supoño que non serán millónarios, e, pol-o tanto, non pode-

rán consagrarse gratis a un traballo que os vai absorber enteiramente. ¿Hai o diñeiro necesario? Pois a gastalo; pero a gastalo con economía. Quen dé diñeiro non debe dalo senón a quen esté verdadeiramente capacitado pra levar a cabo con éxito, a obra. As persoas a quen se consulta o Centro Galego encol do asunto, son as que deben asesorar a iste pra que, se dispón dos medios económicos necesarios, e quere utilízalos, estes vaian a empregarse coa máisima garantía de que non haberá despilfarro, por incapacidade ou frivolidade dos encargados da empresa.

Coido que, meditadas as diversas opinións que teñas requerido sobre a cuestión, poderás chegar a conclusións concretas que comunicar ao Centro. En resumo o meu punto de vista así:

Hai que editar *Os Eoas*.

Hai que editalos, non como unha obra rematada, falsificándoa, senón como materiáis en estado de elaboración. Isto non quer decir que se non percure, naturalmente, ordear as octavas que se sospeiten desplazadas; pero mantendo todas as variantes e lagoas.

Hai que subvencionar con ampla xenerosidade a obra, se ha ser eficaz; pero seleicionando moi calmamente e moi estreitamente os encargados de levala a cabo (8-XI-1955, 170-173).

Alén do aparecemento e edición da versión derradeira e autorizada polo propio poeta (Pondal 2005; véxase tamén Ferreiro 2006) —por máis que o poeta non estivese nas mellores condicións físicas e/ou psíquicas para a aspérrima empresa de selección entre os millares de redaccións—, é de lamentar que a institución académica non teña asumido o programa carvalhiano a respecto da edición d’*Os Eoas* e, en consecuencia, promovido ou facilitado a edición duns materiais absolutamente fundamentais para o (re)coñecemento do noso pasado lingüístico-literario.¹³

¹³ A comparación das múltiples elaboracións pondalianas d’*Os Eoas*, con varios estratos cronolóxicos que se perciben nos millares de redaccións, coa versión final de 1913-14 evidencia que a reducida versión derradeira presente no mecanoscrito idiógrafo (Pondal 2005) resulta literariamente abondo esquemática, e máis pobre e, mesmo, menos

2.3. *Un obxectivo fanado: o Epistolario inédito de Eduardo Pondal*

Para alén do volume cos *versos iñorados ou esquecidos*, Carvalho Calero ten en mente un segundo volume de textos pondalianos, a que alude en diversas ocasións xa desde bastante antes de que a edición dos textos *iñorados ou esquecidos* viñese a lume:

Temos como proxecto inmediato o epistolario de Pondal; pero dende logo, mentras non remate o primeiro tomo da *Historia* non me ocuparéi dis nen de ningún traballo literario de algunha importancia (5-I-1960, 249).

Rematado o primeiro volume da *Historia*, voume por axiña a traballar no segundo de Fingoy. Provisionalmente pode coñecerse como *Epistolario inédito de Eduardo Pondal*. Está xa ordeando os materiais (8-X-1961, 310).

Efectivamente, a partir da publicación en 1961 do primeiro volume pondaliano, continúa a arrecadar novos textos —literarios e documentais— sobre o bardo (véxase Piñeiro 2004: 49-50, carta de 15-I-1962) coa perspectiva dun novo volume: «Teño recollidos novos textos e datos pondaliáns pra o novo tomo da Colección Fingoy» (22-VII-1962, 328). Mesmo propón o anuncio desa nova obra de pescuda na mesma colección que a primeira («Na colección ‘Fingoy’ hai que anunciar, así, sin máis nada *Epistolario inédito de Eduardo Pondal, Contos populares da provincia de Lugo*», 28-IX-62, 333), ao tempo que prosegue coa planificación do traballo na *Historia da literatura*: «Inmediatamente despóis [*da corrección das probas do vol. I da Historia*] poréi man de novo no *Epistolario de Pondal*. E cando íste esté listo, no segundo volume da *Historia*» (20-XI-1962, 338).

No entanto, os atafegamentos vitais e laborais déixanse notar no seu ánimo, que retrata coa atribución para si propio duns versos pondalianos nun momento en que ten de preparar tamén as oposicións (en Madrid) ao corpo de Ensino Medio: «¡Ai, vello carballo

elaborada do que moitas das versións manuscritas anteriores. Pénsese, neste sentido, nas posibilidades que ofrecería unha edición electrónica, coas directrices carvalhianas actualizadas, dos materiais eicosos na súa totalidade.

cativo e retorto, sen sombra, oco e infructífero, cacarañado e derredado!» (21-I-1965: 393).¹⁴ Con todo, aínda ten forzas para publicar un opúsculo dedicado ao poeta por mor do Día das Letras Galegas de 1965 que foi dedicado a Eduardo Pondal, tras Rosalía en 1963 e Castelao en 1964 (Carvalho Calero 1965).¹⁵

En setembro de 1965 Ricardo Carvalho Calero demite da dirección do Colexio Fingoi (coa conseguinte desvinculación da colección que dirixía e onde tiña pensado publicar o segundo volume pondaliano), e continúa coa *Historia da literatura*, ao tempo que emprende máis outra obra fundamental na súa biografía académica (e social): a *Gramática elemental del gallego común*, cuxa primeira edición sairá do prelo en 1966.

A aparición da *Gramática* e as sucesivas edicións desta obra, así como a redacción do eventual segundo volume da *Historia*, xunto coas obrigas cotiás do seu traballo académico, ocupan todo o seu tempo e ten de abandonar a idea dese novo volume pondaliano. Neste sentido, probabelmente a aparición de novos textos pondalianos recompilados por Ricón (1970) acabaría por cancelar definitivamente a obra: nótese como aínda en 1965 non abandonara a idea dese novo volume («Logo teño moitos materiais pra un segundo Pondal. Pero ¿quén pensa niso coas triganzas da *Gramática*?», 31-V-1965, 395), mais non avanzaba na súa finalización: «Teño tamén pendente o segundo ‘Pondal’. Pero creo que agora o máis lóxico é rematar a *Historia*. Logo xa veremos» (16-I-1967, 426).

Con efecto, as edicións da *Gramática* multiplícanse, remata a *Historia da literatura galega contemporánea* (1975), que aínda terá unha nova edición en 1981, e dedica a súa atención á cátedra de Lingüística e Literatura Galega na Universidade, así como á redacci-

¹⁴ Véxase o poema «Fillo cativo da gandra» (Pondal 2002: 86, 252-263).

¹⁵ Con pouca repercusión no ámbito editorial, pois, para alén deste opúsculo de Carvalho (co capítulo pondaliano dos *Sete poetas galegos* —sen aparato crítico e sen o parágrafo final— como introdución, seguida dunha breve antoloxía de sete poemas), só se poden pór en relevo tres publicacións de certa importancia: Real Academia Galega (1965), López Abente (1965) e Tobío (1965).

ón de novos contributos de pescuda lingüístico-literaria combinada cunha estrenua presenza pública a través de conferencias e artigos de prensa. E o volume ideado desde había ben anos ficará na conta dos proxectos cancelados polos límites impostos polo paso do tempo.¹⁶

4. Ramo

«Rosalia e Pondal parécenme superiores a Curros», di Carvalho a Filgueira en 1936 (López 2002: 358) na resposta ao inquérito feito para unha antoloxía da poesía galega ideada no seo do Seminario de Estudos Galegos. Con efecto, a atención de D. Ricardo a Rosalía foi constante, intensa e afervorada ao longo da súa vida investigadora. E seguramente é Pondal o poeta que ocupa o segundo lugar no pensamento e no corazón do máis grande *filólogo* da Galiza contemporánea, que na segunda metade do século XX dedicou os seus traballos e os seus días á pescuda, estudo e difusión da nosa literatura, sen esquecer a significada actividade no ámbito filolóxico-lingüístico, nomeadamente a través da súa *Gramática elemental del gallego común*, fonte de formación para as novas xeracións de galegas e galegos, filólogos ou non.

Sobrepóndose á *ruda adversidade urgente*, «cun fungueiro na man dereita, / unha lanterna na esquerda / e un coitelo entre os dentes» —en versos reiterados en *Futuro Condicional* (Carvalho Calero 1982: 16-17)¹⁷—, foi capaz de construír unha obra de referencia na Galiza

¹⁶ Os materiais epistolares que Carvalho proxectaba para o *Epistolario inédito de Eduardo Pondal* deben ser, entre outros, os publicados en Ferreiro (1991).

¹⁷ Os versos aparecen integrados como prosa epistolar en 1962 nunha carta dirixida a Fernández del Riego, cando este sofrera unha caída: «Un fungueiro na man dereita, unha lanterna na esquerda e un coitelo antre os dentes, hai que avanzar ate chegar ao fin pola furna tebregosa da vida» (7-I-1962, 314). Estas mesmas palabras, asemade, son literalmente os catro versos iniciais do poema publicado por vez primeira —que saibamos— unha década despois en *Grial* (Carvalho Calero 1973: 62): dado que entre *Salterio de Fingoy* (1961) e *Futuro condicional* (1982) Carvalho non publicou ningún libro de poesía, é ben posíbel que o poema proceda da época da carta a Fernández del Riego (que foi antes, o apelo animoso ao amigo ou o poema?) e que non o editase até 1973. Adoita haber moita distancia entre a escrita e a publicación dos poemas de Carvalho, coa excepción dos anteriores á guerra.

da segunda metade do século xx. Nada da literatura galega lle era alleo (mesmo a medieval)¹⁸, mais Rosalía e Pondal foron presenzas duradoiras no percurso investigador de Carvalho Calero, ligadas en diversos contributos, desde o temperán «Rosalía de Castro i Eduarda Pondal», de 1960 (reeditado en 1979a: 43-52) até o certo «A meninha gaiteira e o bom bergantinhám» de 1984 (tamén recompilado en 1989: 175-181): unhas veces con Pondal como obxecto único de pesquisa e estudo, outras veces en compañía da fundadora da nosa literatura contemporánea, Carvalho Calero investigou, publicou e difundiu arreo a figura e a obra do clásico bergantiñán, con páxinas de brillante prosa. Eis o inicio do capítulo «O bo bergantiñán» que antecede o seu estudo na *Historia da literatura*:

O bergantiñán ara a terra, sega o pan, derruba o piñeiro, caza a perdiz, leva anteposto o carro de táboas ou trinca a escota á vista da praia, ñorante de que pra todo galego culto os traballos e os días da súa vida, os traballos e os días do bergantiñán, locen orballados de gracia poética, por obra e gracia dun poeta daquela terra; de xeito que decimos Bergantiños, e inmediatamente coidamos en Pondal (Carvalho Calero 1975: 237).

Certo é que tras Carvalho continuaron os estudos pondalianos de diverso teor (biográficos, editoriais, interpretativos...). Porén, é Ricardo Carvalho Calero quen inicia e propicia, cos seus estudos críticos e mais cos textos pondalianos *ignorados* (dispersos en publicacións incógnitas) e *esquecidos* (en manuscritos inéditos), unha dirección de recuperación e pesquisa que constituíu o primeiro chanzo para o coñecemento integral da persoa e do discurso poético de Pondal, ao tempo que permitiu e favoreceu a recuperación da totalidade da súa produción (*Queixumes do pinos, Os Eoas*, mais tamén 70 poemas impresos e 150 poemas manuscritos; véxase Pondal 1995-2005).¹⁹ E é manifesto, outrosí, que Ricardo Carvalho Calero foi un axente (na

¹⁸ Non se poden esquecer os seus varios traballos sobre literatura medieval, con dúas incursións na edición dos nosos textos antigos: Carvalho Calero, García Rodríguez e Fontoira Surís (1980 [do prelo o volume saíu coa autoría da Cátedra de Lingüística e Literatura Galega]), e Carvalho Calero e García Rodríguez (1983).

¹⁹ Sen esquecer a poesía (inicial) en castelán (véxase Neira Pérez 2018).

realidade, o axente) de establecemento do canon da literatura galega contemporánea. No caso do clásico bergantiñán, os contributos de Carvalho conformaron o núcleo fundamental da hermenéutica pondaliana, fixando as liñas de forza que hoxe perduran nos estudos dedicados á figura e á obra de Eduardo Pondal Abente, pois o robusto legado carvalhiano marca unha fronteira entre as divagacións e/ou glorificacións vougas de Pondal e a análise rigorosa, *excelente* nos *duros traballos* de pescuda e de interpretación, entusiasta mais sempre obxectiva, dun autor e dunha obra sobranceira e determinante na diacronía contemporánea da Galiza.

Bibliografía*

- Academia Gallega (1935). *Queixumes dos pinos (2ª edición) y Poesías inéditas de Eduardo Pondal*. La Coruña: Imp. Zincke Hermanos.
- Alonso Montero, Xesús (1996). «O idioma galego en edicións polilingües». *Viceversa* 2, 11-36.
- Bouza Brey, Fermín (1925). «A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus *Queixumes*». *A Nosa Terra* 208-211.
- Carvalho Calero, Ricardo (1955a). *Sete poetas gallegos*. Vigo: Galaxia.
- (1955b). *Aportaciones a la literatura gallega contemporánea*. Madrid: Gredos.
- (1961). *Versos ñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por ... Vigo: Centro de Estudios 'Fingoy' / Galaxia.
- (1965). *Eduardo Pondal*. Vigo: Galaxia.
- (1971). *Sobre lingua e literatura galega*. Vigo: Galaxia.
- (1973). «Unha ducia de poemas». *Grial* 73, 60-68.
- (1975 [1963]). *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia (1981, 3ª ed.).

*Optamos por *Carvalho* para unificar as múltiples referencias bibliográficas de Ricardo Carvalho [Carballo] Calero.

- (1979a). *Estudos rosalianos. Aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro*. Vigo: Galaxia.
- (1979b). *Libros e autores galegos. Dos trovadores a Valle-Inclán*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (1982). *Futuro condicional (1961-1980)*. Sada - A Coruña: Edicións do Castro.
- (1986). «Sobre o helenismo de Pondal». En *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra* [Extra-7 de *A Nosa Terra*]. Vigo: Promocións Culturais Galegas, 49-53.
- (1989). *Estudos e ensaios sobre literatura galega*. Sada - A Coruña: Edicións do Castro.
- (1992). *Umha voz na Galiza: artigos de jornal (1933-1989)*. Presentación de Carmen Blanco. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- (2006). *Epistolario a Francisco Fernández del Riego*. Transcripción e edición de Dolores Vilavedra e Montserrat Pena. Vigo: Galaxia.
- Carvalho Calero, Ricardo e Carmen García Rodríguez (eds.) (1983). Afonso X, o Sábio. *Cantigas de amor, escarño e de louvor*. Sada - A Coruña: Edicións do Castro.
- [Carvalho Calero, Ricardo, Carmen García Rodríguez e Lydia Fontoira Surís] (eds.) (1980). *Prosa Galega III. Da época trovadoresca ao neoclasicismo*. Vigo: Galaxia.
- Ferreiro, Manuel (1991). *Pondal: do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- (2003). «Para a historia d'Os Eoas. Un poema épico fundacional no labirinto das indecisións». En Maria do Amparo Tavares Maleval e Francisco Salinas Portugal (orgs.). *Estudos Galego-Brasileiros*. Rio de Janeiro: Comunicação Editora, 161-192.
- (2006). «A investigación sobre Pondal e o achamento d'Os Eoas». *Grial* 171, 38-49.
- (2014). «Eduardo Pondal á procura do verbo sublimado. Arredor das re-escrituras pondalianas». En Xosé Manuel Sanchez

- Rei (ed.). *Modelos de lingua e compromiso*. A Coruña: Baía, 163-184.
- López, Teresa (2002). «Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936». En *Actas do Simposio Ricardo Carvalho Calero, Memoria do Século*. A Coruña: Universidade da Coruña, 349-365.
- López, Teresa e Manuel Ferreiro (1988). «Pondal publicou un adianto do que foron *Os Eoas* no 1857». *A Nosa Terra* 338.
- López Abente, Gonzalo (1965). *A terra e a poesía de Pondal*. A Cruña: Publicacións da Real Academia Gallega.
- Montero Santalha, José-Martinho (1993). *Carvalho Calero e a súa obra*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Murguía, Manuel (1886). «Eduardo Pondal». En *Los Precursores*. La Coruña: Latorre y Martínez Editores.
- (1933). «Eduardo Pondal e a súa obra». *Boletín de la Real Academia Gallega* 248, 184-192.
- Neira Pérez, Juan Félix (2018). *A outra maleta de Pondal. Poesía castelá esquecida: a forxa dun poeta*. A Coruña: Deputación da Coruña.
- Otero Pedrayo, Ramón (1931). *Romantismo, saudade, sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal*. Discurso de ingreso na Academia Gallega coa contestación do Académico V. Risco. Santiago: Nós.
- Outeiriño, Maribel (1988 [1975]). «Conversacións con un fantasma do século dazanove», *La Región*, 5 de marzo [Centenario de Otero Pedrayo].
- Pardo Bazán, Emilia (1884). «Luz de luna (Eduardo Pondal)». En *De mi terra*. La Coruña: Tip. de la Casa de Misericordia, 73-91.
- [Piñeiro, Ramón] (2004). «Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carvalho Calero» [= *Cadernos Ramón Piñeiro*, V]. Edición de Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Pondal, Eduardo (1886). *Queixumes dos pinos*. La Coruña: Imprenta de «La Voz de Galicia».
- (1995-2005). *Poesía Galega Completa* [vol. I. *Queixumes dos pinos*; vol. II. *Poemas impresos*; vol. III. *Poemas manuscritos*; vol. IV. *Os Eoas*]. Edición de Manuel Ferreiro. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Real Academia Galega (1965). *Iconografía pondaliá*. A Cruña: Publicacións da Real Academia Gallega.
- Ricón, Amado (ed.) (1971). Eduardo Pondal: *Novos poemas*. Limiar, transcrición e notas de ... Vigo: Galaxia.
- (ed.) (1992). Pondal, Eduardo: *Os Eoas (Unha aproximación)*. Limiar, transcrición, selección e notas de ... A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Tobío, Luís (1965). *Valoración de Pondal*. Montevideo: Ronsel.
- Varela, José Luis (1949). «El celtismo de Pondal». *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela* 53/54, 82-99.
- (1953). «Cartas a Murguía». *Cuadernos de Estudios Gallegos* VIII, 279-294.
- (1956). «Un capítulo del ossianismo español: Eduardo Pondal». En Rafael de Balbín (dir.). *Estudios dedicados a Menéndez Pidal*. Madrid: CSIC / Patronato Marcelino Menéndez y Pelayo, vol. VI, 557-590
- (1958). «Pondal y la tradición». En *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*. Madrid: Gredos, 212-253.

Este libro,
Ricardo Carvalho Calero. As formas do compromiso,
que a Universidade de Santiago de Compostela consagra á memoria
e homenaxe do Prof. Dr. Ricardo Carvalho Calero
no Día das Letras Galegas,
saíu do prelo nos obradoiros
da Imprenta Universitaria.
Primavera de MMXX

